

Agora: papeles de Filosofía, 42(2) (2023). ISSN-e: 2174-3347
<https://doi.org/1015304/ag.42.2.8923>

Recensiones

DESPRET, Vinciane: *A la salud de los muertos. Relatos de quienes quedan*, traducción de Pablo Méndez, La Oveja Roja, Madrid, 2022, 192p.

María de la Cruz Vilas¹ 

¹ Universidade de Santiago de Compostela, España

Recibido: 10/11/2022; Aceptado: 13/12/2022

A la salud de los muertos. Relatos de quienes quedan da psicóloga e filósofa da ciencia Vinciane Despret supón un esforzo por repensar as relacións entre os vivos e os mortos tomando en conta os segundos coma un axente que posúe un certo tipo de existencia e preguntándose por ela. Por isto, Despret propón tratar a cuestión dende unha *perspectiva ecolóxica* que non se pregunta pola existencia real do seu obxecto de estudo senón que busca conectar co medio no que está inserto e preguntarse cales son as súas necesidades e conexións, que é o que o fai subsistir e que lugar ocupa.

Este libro non só desenvolve unha investigación ao respecto das relacións que os vivos gardan cos seus mortos así coma os eixes comúns que marcan estas experiencias, senón que supón ela mesma o desenvolvemento desa relación, ao mesmo tempo que propón unha maneira distinta de tratar aquilo que se quere estudar. Vinciane Despret preséntase coma obxecto de experimentación, algo que considera que a investigación que quería levar a cabo requiría en tanto que para poder falar desas relacións debía “deixarse instruír”. Esta investigación supón non tanto un discurso dende o que se fala dun obxecto dende a distancia debida senón que se propón coma un encontro do obxecto de estudo con ela mesma. O libro é un relato de relatos: está o relato da súa experiencia investigadora, os relatos a través dos cales a investigación se vai articulando e paralelamente, a autora cóntanos en primeira persoa a historia do seu tío-avó Georges que funciona en todo o libro coma unha sorte de marcapasos.

A autora quere desvincularse da visión “dominadora” segundo a cal os mortos non terían outro destino que a inexistencia e o nada, na que toda relación e contacto dos vivos cos mortos se comprendería dende a antropoloxía como experiencias da orde do “simbólico” e “metafórico” relegando toda a existencia efectiva á subxectividade do que a pode ter: o vivo. Por outra parte, xa no principio destaca a visión case que prescritiva do “traballo do loito” necesario para “superar” a experiencia dunha morte e na que o rol que ocupa o morto destaca Despret, é a de facerse desaparecer. Cabe facer mención dunha nota a pé de páxina na que cita a Magali Molinié en *Soigner les morts pour guérir les vivants* no que sinala que o loito, con esta teoría se tornou nunha actividade intrapsíquica de rememoración que leva a deshabitar o obxecto de amor, a persoa supervivinte debe facerlle “pasar a proba da realidade” o que supón aceptar que a única existencia do morto é o recordo.

Despret vai contarnos múltiples historias reais que servirán para rescatar esa outra realidade que coexiste coa visión da inexistencia dos mortos: a de que os mortos só morren cando os deixamos morrer. E este non deixalos morrer non é unha relación pasiva atravesada polo recordo, senón que é a de ofrecerlles un “plus de existencia”. Este “plus de existencia” enténdese como “unha prolongación de presenza” pero no sentido de “outra existencia”; é dicir, “el plus de existencia es una promoción de la existencia del difunto, que no es ni la del vivo que fue –tendrá otras cualidades–, ni la del muerto mudo e inactivo, totalmente ausente, en el que podría convertirse a falta de cuidados o atenciones. Deviene diferentemente, es decir, en otro plano” (pp. 15-16). E ademais, este plus de existencia é algo que non só implica o devir diferentemente do morto, senón que fai que entre en contacto coa vida do vivo e a modifíque. A relación entre vivos e mortos que Despret nos propón é unha relación bidireccional. Dicir que “o morto devén diferentemente” é propoñer que este ten un modo de existencia concreto e non se trataría de responder a cal é ou tratar de definilo, senón de dar mostra do que fan e do que fan facer para así evitar “la trampa en la que nuestra tradición captura y paraliza generalmente el problema: la de distribuir las formas de ser en dos categorías, las de la existencia física por un lado, y las de la existencia psíquica por el otro” (p. 19). Evitar esta cuestión permite explorar como se realizan certas relacións dende unha visión integradora e profundizar na experiencia “dos que quedan”. De todo isto dá conta o primeiro

capítulo, “Cuidar a los muertos” no que se trataba de “encontrar un lugar, lo que quiere decir igualmente que hay que hacerles un lugar. Los muertos nos obligan a desplazarnos” (p.23).

Tras terlle feito un lugar e ternos desprazado, pasamos ao segundo capítulo que é “Dejarse instruir”. Nel proponse a metodoloxía da investigación: a pregunta é un enigma e o método é deixarse instruir que ten o sentido de deixarse mobilizar polo que esixe a situación. A práctica da súa investigación require *tacto ontolóxico*, o que quere dicir coidar do que lle dá á situación a súa potencia de existir. Ese deixarse instruir sobre os mortos leva a poñer de relevo certas coexistencias polémicas e aceptalas; ningún relato dunha persoa que conte a súa experiencia cun difunto estará marcado por un sistema binario de existencia. Tratar de dar conta disto e ofrecer un espazo para que conflúa a contradición e a fricción parece ser o que quere ofrecer Despret no seu texto.

No capítulo terceiro “Seguir a los vivos y a los muertos en lo que los mantiene juntos” vai facendo un percorrido por historias que precisamente poñen isto de relevo, sinalando matices e propoñendo outras maneiras de ver e traballar coa ambigüedad. É de destacar cómo preguntarse polas maneiras nas que mudou a forma que temos de relacionarnos coa morte ou o mundo dos mortos nos leva a comprender que feitos como a invención da luz eléctrica, ou a substitución do gas producido a base de carbón polo gas natural ou simplemente o cambio nos tempos de sono e vixilia levan a un cambio na percepción; e como preguntarnos tamén por isto pode poñer en entredito os límites entre o que asumimos por real e irreal se nos permitimos, tal e como propón Despret falar de “consciencia modificada”. Unha cuestión importante a destacar do lugar dende o que Despret nos escribe é precisamente ese: o de nunca dar por suposto que xa sabemos e manter sempre a pregunta aberta.

No capítulo cuarto “Velar por lo que importa”, tomándonos en serio a estes seres que habitan na brecha da realidade, aprendemos a preguntarnos que é o que queren de nós para quizais, despois, poder “devir con”/canda eles. “Recomponemos al fallecido para poder componer con el en el porvenir y por mucho tiempo –al menos, eso esperamos–. Es una manera muy interesante de pensar algo que significa, en un mismo gesto, honrar y heredar, dar al pasado un lugar y afectos en el muy bien llamado futuro anterior. Su presencia en este mundo habrá hecho una diferencia” (p. 77) E esa diferencia fai de cotío “Prolongar una obra”, capítulo quinto. Neste capítulo dase conta e relátanse esas historias nas que herdar e honrar significa unirse á vida por parte do que sobrevive, que se ve acusada polo sempre presente desexo de recordar; e propón facer caso da palabra dende o metaplasmo da palabra inglesa *re-member*, como recompoñer, lembrar. Algunhas das maneiras que temos de recordar ó falecido no sentido performativo e creativo da palabra é refacer os actos e os xestos do falecido, escribir o que el non puido, prolongar os seus hábitos; e Despret suxire que se isto se trata dun certo tipo de repetición no intento de prolongar, podería selo no sentido teatral, como ensaio: o que vén antes é unha repetición que ensaia o que virá despois.

O capítulo seguinte, “Pensar vacilando”, significa comprender non baixo a forma gramatical da disxunción senón dende a conxunción, dende o “ou senón, tamén...”. A través das historias que neste capítulo se mostran trénzase a maneira na que azar e signo se conxugan. Fronte ao risco de que a irracionalidade apareza como posible categoría, pensar vacilando permítenos non explicar, mais comprender de que maneira o azar e os signos se tecen nalgunhas historias adquirindo significados que teñen relevancia á hora de dar ese plus de existencia que permite que o vivo e o morto consumen a súa relación.

En “Confiar en los espíritus”, gran parte das historias céntranse no relato das sesións dunha médium nas que estivo presente, fai fincapé en que o interese que este tipo de acontecementos teñen son en tanto que dispositivos: que fai? E sobre todo, que é o que fai facer? Vai analizando o proceder da médium, o que pasa nas sesións, que din a través

delas os mortos, e que respostas se obteñen dos vivos. Analiza estas historias, observándoas e comprendéndoas dende o coidado de non caer en trampas para dicir que se ben se require da imaxinación para estas experiencias, estas non son imaxinarias: a maneira na que funciona o dispositivo espiritista é creando experiencias.

Finalmente, no capítulo final “Proteger las voces”, a autora dá conta dos matices, esforzos e coidados expresivos das persoas dos seus relatos que contan as súas interaccións cos difuntos; para poder dar conta destas experiencias a xente debe inventar fórmulas que non se correspondan nin coa realidade efectiva nin coa dunha alucinación ou soño, debe crearlle novos sentidos ás palabras, multiplicar e ao mesmo tempo precisar. O último capítulo é unha análise dos discursos, os relatos e as historias; é unha insistencia sobre elas e sua importancia.

Vinciane Despret fainos entrar en contacto co seu obxecto de estudo a través do cultivo de relatos que realiza. O exercicio non é explicar eses relatos, senón intensificar aquilo que parece pasar desapercibido para darlle unha importancia que pode ser interesante. Neste caso, facer fincapé no tipo de discurso e sintaxe que utilizan as persoas que relatan as súas experiencias, que facían o relato oscilar constantemente entre unha cuestión sen resposta: “é o morto o que se comunica ou é froito da miña imaxinación?” é a marca que fai manter a experiencia viva. Pensar polos efectos é a proposta: cal é o medio que precisou un efecto para converterse en tal? Esta obra, e a obra de Vinciane Despret en xeral, pon de manifesto que os dispositivos para achegarnos a certas cuestións non deben ser sempre os mesmos, a metodoloxía debe ser pensada para cada caso para saber como e que preguntas realizar que poidan facer diso algo de interese. A maneira na que se achega aos acontecementos é un asunto propiamente filosófico, como o é tamén a súa forma de escritura –isto parece ir sempre da man. O valor da obra desta autora supón non só o contido, senón o que nos mostra a través del: que hai relacións e detalles imperceptibles que son susceptibles de ser intensificados e converterse nun asunto de importancia.